



Esta colección componse dos obxectos e documentos orixinais (107 casetes con gravacións sonoras, fotografías, transcripcións do contido das cintas, artigos e outros textos impresos) procedentes dos traballos de campo e estudos posteriores da antropóloga Rosa García-Orellán, cedidos por ela ao Museo do Pobo Galego nos anos 2012 e 2014.

As gravacións sonoras conteñen entrevistas realizadas tanto en Galicia como entre emigrantes no País Vasco acerca de diferentes temáticas: o papel da muller nas sociedades labrega e mariñeira, en Galicia ou na emigración; situacións vitais, como a morte e o loito; e tamén sobre o traballo dos mariñeiros na pesca de altura (Terranova), entre outros.

Os materiais orixinais, que serviron de base a diversas monografías e artigos da autora, foron depositados no museo para facilitar a súa consulta directa a investigadores da súa e doutras disciplinas.

As 17 casetes da colección correspondentes ao ámbito da antropoloxía da morte, estudada no contexto de mulleres de mariñeiros en Galicia, foron xa dixitalizadas na súa totalidade e editadas en cortes. No proceso de elaboración destes últimos, que estarán á dispoñibilidade dos usuarios na base de datos en rede, empregáronse as transcripcións da autora; as versións orixinais completas pódense consultar nas dependencias do museo.

[15-01-2017]